



RESOLUCIÓN DA CONCELLERÍA DE GOBERNO RESPONSABLE DA ÁREA PERSOAL, RÉXIME INTERIOR E PATRIMONIO POLA QUE SE APROBA O NOMEAMENTO DE ASESOR DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN, MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE, DE DÚAS PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DE ADMINISTRACIÓN XERAL INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2015, PARA O SEXTO EXERCICIO.

Consonte á base 8ª das bases xerais que rexen a convocatoria do proceso selectivo convocado para a provisión, mediante oposición libre, de dúas prazas de auxiliar administrativo da administración xeral, incluídas na oferta de emprego público do ano 2015, publicadas no BOP núm. 144 do 29 de xullo de 2016, o tribunal cualificador, por medio do seu Presidente, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas cos labores que estime pertinentes, limitándose estes a prestar colaboración e as súas especialidades técnicas.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 21/04/2017, delégase no concelleiro de goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio, a xestión do persoal e as decisións de persoal que non lle correspondan a outro órgano e sexan susceptibles de delegación de conformidade co artigo 127. 1h) e 127.2 da Lei reguladora de Bases do Réxime Local.

No apartado Cuarto do acordo da Xunta de Goberno Local de 21/04/2017 delegáronse na concelleira María Carmen Da Silva Méndez, para os supostos de vacante, ausencia ou enfermidade do concelleiro de goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio, as competencias delegadas neste concelleiro no mesmo acordo de delegación.

Á vista do anterior esta concellería de goberno, no exercicio das súas atribucións delegadas,

RESOLVE

Primeiro.- Designar en calidade de membro asesor do tribunal para o sexto exercicio, consistente na realización dunha proba de coñecemento práctico a nivel usuario de contorno operativo Windows, manexo de ferramentas de ofimática (LibreOffice) e de utilidades básicas de internet en dito contorno (navegación, correo electrónico, etc) a don José Ramón Rodríguez Tourón, xefe do servizo de informática do Concello de Pontevedra, sendo o seu substituto don Javier Saborido Fentanes, técnico medio de xestión do servizo de informática.

Segundo.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, situado no baixo do edificio Michelena, 30 para xeral coñecemento e efectos e, de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal).

Así o dispuxo e ordenou nesta resolución por delegación a concellería de goberno responsable da Área de Persoal, na data que consta na súa sinatura electrónica, do que dá fe o Secretario.

Asinado por: JOSE CARLOS CASTIÑEIRA PIÑEIRO 1
Servizo: SECRETARÍA DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL
Cargo: SECRETARIO DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL
Data: 02/05/2017

Asinado por: MARIA CARMEN DA SILVA MENDEZ
Servizo: ALCALDIA
Cargo: TENENTE DE ALCALDE
Data: 02/05/2017
Este documento foi asinado electrónicamente conforme á lexislación de sinatura electrónica
COD RESOL 2017001002

